

III SEMANA DE CUSTODIA DO TERRITORIO NAS MARIÑAS CORUÑESAS E TERRAS DO MANDEO

Custodia do territorio e conservación: Retos na preservación da biodiversidade mariñán

XORNADA DE VOLUNTARIADO

DOMINGO 28 DE SETEMBRO

Limpeza simultánea dos ríos galegos

Imos achegarnos ó río Mendo para participar na oitava limpeza simultánea de ríos de toda Galicia, que coordina o Proxecto Ríos. Iniciarémo-la limpeza na ponte dos Cabalos (límite entre Coirós e Oza-Cesuras), para continua-la ruta pola beira do río até a ponte de Taibo recollendo todo o lixo que atopemos. Iremos deixando as bolsas de lixo ó pé das pontes que crucemos, para que sexan recollidas posteriormente. Son 6 km nos que gozaremos dunha contorna natural que merece ser conservada en óptimas condicións: todo o percorrido forma parte do espazo natural protexido ZEC Betanzos-Mandeo.

O punto de encontro será o centro de saúde de Betanzos ás 9:30 para compartir vehículos. Os que queiran ir directamente, teñen que avisarnos de que van polos seus medios e esperarnos ás 10:00 na ponte dos Cabalos. Para chegar alí hai que ir até O Castiñeiro (Oza) pola estrada C-540, e coller á esquerda na casa do Concello a estrada que vai a Lesa e baixa até o río Mendo.

O traxecto non é dificultoso, pero é conveniente levar calzado e roupa axeitada para andar polo monte en función do tempo que faga. Leva unhas luvas de coiro ou de cociña. Para colle-lo lixo no leito do río pode ser útil levar botas de auga. Pensamos remata-la xornada ás 14:00 horas á altura de Mende, onde deixaremos algún coche.

Os cativos poden participar na xornada sempre que estean afeitos a andar polo monte e non se lles faga demasiado longo o percorrido, sempre que vaian acompañados dun maior de idade que se responsabilice deles.

A Asociación de Desenvolvemento Rural Mariñas-Betanzos contratará un seguro de accidentes para os voluntarios, polo que se precisan os teus datos con anterioridade (nome e apelidos, DNI, enderezo, móbil e correo electrónico). No caso de cancelar a túa participación, por favor, avísanos para non te esperar inutilmente e aforrar no seguro. Se téis algún tipo de problema de saúde que deba sabelo a organización, por favor, non te esquezas de informar previamente.

Fragas do Mandeo encárgase da organización o día da xornada. Apunta o seu teléfono: **981 105 903**. Ese día estará desviado ó móbil da persoa que coordina a xornada.